

## Aclaración dos pagos para a tempada 2018/19

Os árbitros e anotadores-cronometradores (A-C) teñen a obriga de subir os recibos por medio da plataforma Leverade, nos partidos organizados pola FGBM.

É obrigatorio enviar o recibo (que pódese descargar dende a plataforma) e os xustificantes (peaxes, comidas....) firmados en papel físico á Secretaría da FGBM.

Se a competición NON está xestionada dende leverade (sectores nacionais, torneos....), os árbitros enviarán o recibo só en papel físico.

Todo isto tense que realizar antes do mércores as 20:00 da semana seguinte ao partido, para que a FGBM poda tramitar ó recibo ao club.

### - PARTIDOS AMIGABLES

Os partidos amigables nos que o club NON cobra entrada aos espectadores, NON se cobran dereitos arbitrais, SI se cobra desprazamento, peaxe. O aloxamento, comida/cea derivada do encontro será autorizada polo Comité Territorial de árbitros (CTA) previamente, mantendo a mesma forma de pago. O importe o aboará o club local en man aos árbitros, entregando os árbitros o correspondente recibí.

Os partidos amigables nos que o club SI cobra entrada aos espectadores, cobraránse dereitos arbitrais (fixado o importe nun cadro ao final do documento. Aplicarase o importe correspondente ao equipo de menor categoría que xogue o partido) – salvo excepcións fixadas previamente polo CTA. Tamén cobrase o desprazamento, peaxe. O aloxamento ou comida/cea derivada do encontro será autorizada polo CTA mantendo a mesma forma de pago. O importe o aboará o club local en man aos árbitros, entregando os árbitros o correspondente recibí.

Esto mesmo aplícase aos anotadores cronometradores.

Os partidos da Selección Española, Galega, Seleccións provinciais NON se cobrarán dereitos arbitrais, salvo que se especifique previamente. Si se cobrarán desprazamento, peaxe que será mediante transferencia por parte da FGBM. O aloxamento, comida/cea, será autorizada polo CTA mantendo a mesma forma de pago.

### - PARTIDOS DE LIGA REGULAR

*Todos os partidos serán facturados ao club directamente dende a FGBM. Os árbitros NON teñen que dar ningún xustificante ao club, nin o club ningún recibo ao árbitro. Os árbitros farán o recibo directamente a FGBM. A FGBM fará unha tranferencia aos árbitros.*

Os clubs pagarán mediante fondo arbitral categorías 1ª Autonómica, 2ª Autonómica, Xuvenil.

O resto de categorías, os clubs, pagarán os dereitos arbitrais, desprazamento, peaxe derivada do encontro mediante transferencia bancaria a FGBM. O aloxamento, comida/cea deberá ser autorizado polo CTA mantendo a mesma forma de pago.

Os anotadores cronometradores de categoría territorial recibirán o correspondente as súas labores por medio de transferencia emitida dende a FGBM, aplicándose o mesmo en canto a desprazamentos, peaxe, aloxamento, cena/comida que aos árbitros.

#### - **PARTIDOS DE PLAYOFF**

O importe dos sectores correrá a cargo do club local (mediante fondo arbitral). Cada encontro do campionato ten un fondo arbitral que será aboado á federación por parte do club organizador.

#### - **SECTORES NACIONAIS**

Os árbitros de categoría territorial que estén designados a un sector organizado pola RFEBM terán que entregar os recibos a secretaría da FGBM a semana seguinte ao mesmo (mais tardar mércores).

Os anotadores/cronometradores que estén designados a un sector organizado pola RFEBM, deberán entregar os recibos a secretaría da FGBM a semana seguinte ao mesmo.

#### - **ANOTADORES EN PARTIDOS NACIONAIS/INTERNACIONAIS**

Os anotadores cronometradores de categoría nacional recibirán o importe dos dereitos en man.

Os anotadores/cronometradores teñen dereito as dietas reflexadas no regulamento da RFEBM.

Na medida do posible desprazaranse cos árbitros.

Nos encontros internacionais, aplicarase a tarifa segundo a categoría que milita o equipo do noso país. O club local aboará en man os dereitos de A-C, o desprazamento e peaxe. O aloxamento ou dieta deberá ser autorizada polo CTA mantendo a mesma forma de pago.

#### - **DIETAS**

Nos partidos de categoría territorial NON existen dietas de horarios ou de desprazamento. Se o árbitro ten que aloxarse, comer/cear, deberá ser autorizado polo CTA, e o gasto computarase a FGBM ou club segundo se indicou anteriormente nas diferentes formas de pago. O importe da comida ou aloxamento debe ser proporcional e basarse no BBB. (A cuantía máxima de dieta de comida/cea é de 14Euros por persoa).

En caso de ter varios partidos nunha mesma xornada e nun mesmo lugar, os gastos computaranse ao partido de maior categoría ou dividiránse os gastos (desplazamento, peaxe, aloxamento, comida/cea) se un dos partidos se fai cargo a federación e outro o club.

Os desprazamentos dos encontros de categoría galega teñen un importe: 0.22€/km. Sendo obrigatorio basear o Kilometraxe na folia de Km que hay na páxina de fgbalonman.com

Os anotadores cronometradores a nivel territorial deberán ir, na medida do posible, cos árbitros do encontro.

- **ÁRBITROS PROPOSTOS POLOS CLUBS PARA DIRIXIR PARTIDOS CATEGORÍA BASE**

Como se aprobou na Asamblea Xeral da FGBM, cada club que teña equipos en categoría base debe asignar a 2 persoas a disposición do CTA.

O club facilitará os datos persoais das persoas asignadas. O comité de árbitros designará a ditas persoas cando non é posible designar árbitros da plantilla oficial do CTA.

A FGBM comprométese a facer o pago dos dereitos arbitrais a ditas persoas.

Na medida do posible esas persoas NON arbitrarán ao seu mesmo club, senon que arbitrarán equipos da súa contorna.

A federación facilitaralle a indumentaria (camiseta e pantalón).



Fernando Eiras Abalde  
Presidente CTA Galicia

## Tarifas arbitrais/anotador-cronometrador temporada 2018/19

\*Partidos amigables no que SI se cobra entrada para ver o partido por parte do organizador

| Tarifas arbitrais 2018/19<br>AMIGABLES CON ENTRADA | DOBLE | SINXELO | AUXILIARES |
|----------------------------------------------------|-------|---------|------------|
| ASOBAL                                             | 2X75  | 100     | 2X20       |
| PRATA MASCULINA                                    | 2X60  | 75      | 2X20       |
| DH FEMININA IBERDROLA                              | 2X60  | 75      | 2X20       |
| PRATA FEMININA                                     | 2X50  | 60      | 2X15       |
| 1ª NACIONAL MASCULINA                              | 2X50  | 60      | 2X15       |
| AUTONÓMICA                                         | 2X30  | 45      | 2X15       |

\*Partidos Galicia (liga regular, sectores galegos e Playoff)

| Tarifas arbitrais 2018/19 ÁRBITROS | DOBLE    | SINXELO | FONDO ARBITRAL |
|------------------------------------|----------|---------|----------------|
| 1ª AUTONÓMICA MASC.                | 2 X 73'5 | 99      | 233            |
| 1ª AUTONÓMICA FEM.                 | 2 X 37'5 | 55      | 100            |
| 2ª AUTONÓMICA MASC.                | 2 X 29'5 | 43      | 143            |
| 2ª AUTONÓMICA FEM.                 | 2 X 27'5 | 33      | 100            |
| XUVENIL MASCULINA                  | 2 X 21'5 | 26'5    | 100            |
| XUVENIL FEMININA                   | 2 X 19   | 22      | 66             |
| CADETE                             | 2 X 10   | 11      | NON            |
| INFANTIL                           | 2 X 10   | 11      | NON            |
| ALEVÍN (7 XOGADORES)               | 2 X 10   | 11      | NON            |
| MINIBALONMÁN (ALEVÍN, BENXAMÍN)    |          | 6       | NON            |

| Tarifas 2018/19<br>ANOTADORES/CRONOMETRADORES | IMPORTE      |                |
|-----------------------------------------------|--------------|----------------|
| ASOBAL                                        | 2 X 42 = 84  |                |
| DIV. HONRA FEM.                               | 2 X 34 = 68  |                |
| DIV. HONRA PRATA MASC.                        | 2 X 34 = 68  |                |
| DIV. HONRA PRATA FEM.                         | 2 X 34 = 68  |                |
| 1ª NACIONAL MASCULINA                         | 2 X 27 = 54  |                |
| 1ª AUTONÓMICA MASC.                           | 2 X 17 = 34  |                |
| 1ª AUTONÓMICA FEM.                            | 2 X 17 = 34  |                |
| 2ª AUTONÓMICA MASC.                           | 2 X 17 = 34  |                |
| 2ª AUTONÓMICA FEM                             | 2 X 17 = 34  |                |
|                                               | <b>DOBLE</b> | <b>SINXELO</b> |
| RESTO CATEGORÍAS                              | 2 X 6        | 8              |

## RECIBO DE PAGO DE GASTOS ARBITRAIS

D/Dna .....e D/Dna .....  
con DNI ..... e ....., respetivamente.  
Recibiron do Club..... o importe  
referido a continuación polo encontro disputado o día.....entre  
os equipos .....-.....  
de categoría .....

|                                                |   |
|------------------------------------------------|---|
| Dereitos arbitrais                             | € |
| Dereitos anotador/cronometrador                | € |
| Kilometraxe (.....Km x 0.22€)<br>Traxecto..... | € |
| Peaxe                                          | € |
| Comida/cea                                     | € |
| Aloxamento                                     | € |
| Outros                                         | € |
| <b>TOTAL</b>                                   | € |

En ....., a ..... de ..... Do 20.....

Asinado,

D/Dna ..... , D/Dna .....

\*Modelo de recibo a entregar aos Clubs cando o importe se paga en man.